

Campionato escolar provincial
A Coruña - 2025

Xoves
Maio

8

ORIENTACIÓN

Campamento Xuvenil Virxe de Loreto
Porto do Son



1. ORGANIZACIÓN

Servizo Provincial de Deportes da Coruña – Secretaría Xeral para o Deporte Xunta de Galicia.

2. COLABORACIÓN

Agrupación Deportiva Escolar As Rías, Asociación Deportiva e Cultural Arnela e Concello de Porto do Son.

3. DATA, LUGAR E HORARIO

Xoves, 8 de maio – Campamento Virxe do Loreto (Porto do Son) → [Google Maps](#).

Programa *:

- **10:00** → **Apertura de Secretaría:** Entrega material ós responsables dos centros.
- **10:30** → **Saída dos primeiros participantes.**
- **13:00** → **Peche de meta:** Todos os participantes deben ter rematado a súa carreira e pasar pola Meta.
- **13:30** → **Entrega de medallas** (3 primeiros/as de cada categoría) e **clausura da actividade.**

(* *Este programa podería variar dependendo do número de inscritos por categoría.*)

4. CATEGORÍAS

- **INFANTIL FEMININO (2011 - 2012)**
- **INFANTIL MASCULINO (2011 - 2012)**
- **CADETE FEMININO (2009 - 2010)**
- **CADETE MASCULINO (2009 - 2010)**

5. PARTICIPANTES

A competición é individual, obtendo praza para este Campionato Provincial:

- Zona Noia/Santiago → 240 prazas:
Os 30 primeiros/as clasificados/as por categoría en cada un dos dous zonais.
- Zona Coruña/Ferrol → 160 prazas:
A repartir equitativamente entre os centros interesados en participar.

Unha vez rematado o prazo xeral, no caso de que quedasen prazas vacantes nalgunha das categorías, estas serán asignadas ós seguintes clasificados nesas mesmas categorías nos interzonais ata chegar a un máximo de 90 inscritos en cada unha das categorías.

6. INSCRICIÓN

- Gratuíta. Formalizarase por medio do responsable do centro educativo, enviando a folla de inscrición que se achega ao Servizo Provincial de Deportes da Coruña (deportes.coruna@xunta.gal), con copia desta para a Asociación Deportiva e Cultural Arnela (inscricions.arnela@gmail.com).
- Prazos:
 - Xeral → Ata as 14:00 horas do venres, 2 de maio.
 - Vacantes → Ata as 14:00 horas do martes, 6 de maio.

7. DESPRAZAMENTO

As entidades que precisen transporte, deberán solicitalo ao Coordinador da súa zona, indicando: Nome e día da competición – Nome da entidade solicitante – Número de prazas solicitadas (só deportistas e responsables) – Hora prevista de saída – Lugar de saída – Enderezo de destino – Hora prevista de regreso – Nome e teléfono móbil da persoa de contacto.

A solicitude de transporte teñen que enviala antes das 14:00 horas de venres, 19 de abril, unha vez que formalicen a súa inscrición na proba, aos correos que se indican:

- Zona Coruña: sdbus.coruna@xunta.gal → Coordinador: Servizo de Deportes (tfno.: 881960767)
- Zona Ferrol: deporteidadeescolar@hotmail.com → Coordinador: José Amando (660211720)
- Zona Noia: adasriasdbus@gmail.com → Coordinador: Manuel Fontenlos (670564597)
- Zona Santiago: paalva53@edu.xunta.gal → Coordinador: Francisco Álvarez (689459794)

8. SISTEMA DE CRONOMETRAXE

Utilizarase o sistema SportIdent como medio de control de tempos. A organización facilitaralle a cada participante no momento da saída un dispositivo (tarxeta SI electrónica) co que rexistrar o seu paso polos controis correspondentes ó seu percorrido e cronometrar o tempo invertido para facelo.



Os corredores deberán levar obrigatoriamente un dorsal visible na parte frontal, o cal será proporcionado polo club colaborador (ADC Arnela). Á chegada dos centros á zona de competición, o responsable do mesmo deberá dirixirse á zona de Secretaría e solicitar unha bolsa cos dorsais, imperdibles e un listado para repartirlos ós seus corredores/as. É moi importante non equivocarse na distribución de dorsais para facilitar a labor dos cronometradores i evitar posibles descualificacións ou “Erros en tarxeta”.

Se unha estación SportIdent fallase, os participantes deberán picar ca pinza clásica manual nun dos recadros habilitados para tal fin no propio mapa (R1 – R2 – R3).



9. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

- Carreira Sprint en bosque.
- Modalidade de orientación en liña, na que o participante terá que pasar por tódolos controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica.
- Saída individual contra reloxo, separando ós participantes dunha mesma categoría entre 1 e 2 minutos segundo o número de participantes.
- Haberá controis moi próximos, polo que é moi importante comprobar o número/código dos mesmos.
- As tarxetas (PCards) teñen unha capacidade máxima de 20 “picadas” e os

percorridos constan de entre 16 e 17 controis. Hai unha pequena marxe para corrixir posibles erros durante a carreira.

- Tempo estimado do/a gañador/a en cada categoría entre 12 e 15 minutos.
- Establécese un tempo máximo de carreira para tódalas categorías de 60 minutos.
- Logo de pasados 60 minutos da saída do último corredor comezarase a recoller as balizas do terreo.
- Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e dispositivos que aporten datos xeográficos en toda a zona de carreira por parte dos participantes.
- **Titoriais desenrolo probas de orientación:**
 - *Vídeo explicativo do deporte de orientación.*
 - *Vídeo explicativo de como “picar” balizas cunha PCard.*

10.DATOS DO MAPA

- **Campamento Virxe de Loreto.**
- Autor: Antonio Piñeiro (2020) → Actualizado no mes de marzo de 2025.
- Normativa cartográfica: ISSprOM 2019-2.
- Escala 1:2000
- Equidistancia: 2 metros


A zona cartografada é a do **Campamento Virxe do Loreto** (42.7395, -8.9798), preto da vila de Porto do Son. Trátase dun mapa cunhas condicións ideais para a iniciación neste deporte da orientación (pequena extensión, sen tráfico rodado, cun valado arredor e con boa densidade de elementos básicos para o nivel de iniciación neste deporte).

O mapa do Campamento do Loreto ten unha extensión de 0,06 km². Trátase dun entorno propicio para as actividades de orientación e nel combínanse zonas abertas con partes boscosas, que permitirán expoñer ás/aos participantes a diferentes retos. Existen ademais camiños e sendas que recorren o parque que servirán de axuda nas tomas de decisións dos/das orientadores/as. Hai que destacar tamén a existencia de numerosos elementos singulares (edificios, sebes,...) que servirán de claras referencias para a re-localización daqueles/as que nalgún momento se desorienten. O campamento está rodeado por un valado que garante a seguridade, sobre todo do alumnado con menor nivel de experiencia.

11.ZONA DE CONCENTRACIÓN E ACCESO

As zonas de concentración, Secretaría e Saídas quedan establecidas na entrada Sur do campamento, ao pé da zona do merendeiro. Os autobuses poden acceder sen problema ata o mesmo punto de concentración. Deberán deixar aos nenos e nenas e aparcar nas inmediacións nas zona habilitadas. Os centros que vaian chegando á zona de competición deben concentrarse na zona do merendeiro e agardar atentos ás horas de saída. Os colaboradores darán instrucións para axilizar o desenrolo da actividade.

Cando remate a proba, esta será tamén a zona de recollida dos nenos. Os buses poden acercarse a ese punto e evitar así o desprazamento dos participantes.



ANEXO I: MAPA EXISTENTE DO CAMPAMENTO VIRXE DE LORETO



** Mapa utilizado no Campionato Provincial do ano 2024. En xeral apenas variou no último ano.*

ANEXO II: LENDA MAPAS SPRINT

LENDAS MAPAS SPRINT ISSPrOM 2019-2	
	Terreo aberto
	Terreo aberto con árbores/arbustos dispersos
	Terreo basto
	Terreo basto con árbores/arbustos dispersos
	Bosque carreira fácil
	Vexetación: carreira lenta
	Maleza: carreira lenta
	Vexetación: carreira difícil
	Maleza: carreira difícil
	Vexetación: carreira moi difícil
	Árbore destacada / Árbore pequena destacada ou arbusto
	Obxeto especial de vexetación (cachopa ou árbore caída)
	Límites de vexetación
	Área pavimentada: tráfico lixeiro
	Área pavimentada: tráfico pesado
	Escaleira ou borde de área pavimentada / a distinto nivel
	Área pavimentada con árbores dispersas
	Camiño ou senda sen pavimentar
	Sendas ou camiño estreito / pouco visible / verea
	Muro pasable / Muro de contención pasable
	Muro impasable - Prohibido pasar
	Valado pasable
	Valado impasable - Prohibido pasar / Punto de cruce
	Edificación - Prohibido atravesar
	Pérgola ou área cuberta / Pilares
	Torre alta / Torre baixa
	Monumento ou estátua / Obxeto especial feito polo home como porterías e outro equipamento
	Escaleira
	Pedra pequena / Pedra grande / Pilar de roca / Peñascal
	Cortado pasable
	Cortado impasable - Prohibido pasar
	Regato / Río pequeno / Pantano estreito - Prohibido pasar
	Manancial
	Burato con auga / Pozo / Obxeto especial de auga
	Lago / Pantano impasable / pasable
	Curvas de nivel / Curvas maestras / Curvas auxiliares
	Área privada - Prohibido pasar
	Construción temporal / Área prohibida - Prohibido atravesar

ANEXO III: DISTANCIAS E DESNIVEIS

PERCORRIDOS	CATEGORÍAS	Nº CONTROIS	DISTANCIA (Kms)	DESNIVEL (MTS)
R1	Infantil Feminino	16	1.2	30
R2	Infantil Masculino	16	1.3	30
R3	Cadete Feminino	17	1.4	35
R4	Cadete Masculino	17	1.5	40

* As distancias e desniveis están calculados automaticamente en liña recta entre controis. Estes valores nun terreo como este veranse incrementados entre un 10 e un 15 por cento no transcurso da carreira facendo un "percorrido ideal". En caso de sufrir algún tipo de variación informárase oportunamente antes do día da proba.